



## AXUDAS LIBROS DE TEXTO e MATERIAL ESCOLAR CURSO 2022-2023

### ALUMNADO 1º e 2º DE PRIMARIA

- **Lexislación aplicable.**- Orde do 29 de abril de 2022 (DOG do 18 de maio).
- **Beneficiarios.**- Pai, nai ou representante legal do alumnado matriculado no próximo curso escolar 2022/2023 en 1º e 2º de Primaria.
- **Finalidade.**- A finalidade das axudas é a adquisición de libros de texto e material escolar ( cada concepto con cargo ao seu vale).
- **Devolución dos libros.**- Está excluído desta obriga o alumnado de 1º e 2º de primaria.

Prazo de presentación solicitudes	Forma de presentación solicitudes
● Do 19 de maio ao 22 de xuño (este incluído).	● Nas oficinas do Centro: de 10:00 ás 13 horas. ● Na aplicación Fondolibros. ● Na Sede Electrónica da Xunta de Galicia.
● A presente orde integra as diversas modalidades de gratuidade solidaria dos libros de texto: participación no fondo solidario (alumnado de 3º a 6º de primaria e 1º a 4º de ESO), axudas para adquirir libros de texto (alumnado de 1º e 2º de primaria) e axudas para adquirir material escolar (alumnado de primaria e ESO). ● A solicitude será única para todos os fillos (ou tutelados) que estean admitidos no mesmo centro docente para o curso 2022-23 e nela especificarase o nivel de estudos que espera realizar cada un deles no dito curso. ● Con motivo de facilitar a tramitación das axudas, rógase presten a maior atención na cumprimentación das mesmas. <b>As solicitudes entregaranse debidamente cubertas e asinadas xunto coa totalidade da documentación que corresponda.</b>	

Documentación a presentar
<b>Impreso de solicitude (Anexo I-II)</b> debidamente cuberto e firmado polo pai, nai ou titor legal. Xúntase este anexo. Dispoñen deste impreso (e máis información) en <a href="http://www.colexiojaimebalmes.com">www.colexiojaimebalmes.com</a> . <b>Un único impreso é válido para solicitar as dúas axudas (libros de texto e material escolar).</b> <b>Copia do libro de familia</b> no que figuren todos os membros da unidade familiar. Só no caso de non ter libro de familia ou se a situación familiar, a <b>31 de decembro de 2020</b> , non coincide coa reflectida no libro, terá que presentarse documento ou documentos acreditativos do número de membros da unidade familiar (sentenza de separación ou divorcio, certificado de convivencia, certificado de defunción,...)

Axudas libros de texto	Axudas material escolar
Renda per cápita familiar ata 6.000 €: <b>210 €.</b> Renda per cápita familiar desde 6.000 ata 10.000 €: <b>140 €.</b>	Renda per cápita familiar ata 6.000 €: <b>50 €</b>

**Cálculo renda familiar.**- Para os efectos do cálculo da renda familiar sumaranse os recadros 435 (base imponible xeral) e 460 (bases imponible do aforo) da declaración da **renda do ano 2020** e dividirase polo número de membros computables. No caso de non presentar declaración teranse en conta os ingresos netos de todos os membros computables da unidade familiar durante o ano 2020. Computarán por dous os membros da unidade familiar que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33% ou a percepción dunha pensión da SS. por incapacidade total, absoluta o grande invalidez.

- **Vales.**- O Centro entregaralles aos solicitantes un vale co que poderán adquirir libros de texto e outro para material escolar.
- **Librería Colexio.**- Aos alumnos que non accedan ás axudas, a librería do Colexio facilítalle os libros igualmente e, co obxectivo de facer máis accesible o pago ás familias, **facturará 50% en novembro e 50% en decembro.** Aos beneficiarios das axudas, se o importe do vale é inferior ao dos libros, a diferenza factúrase de igual forma.

Atentamente.

Noia, a 19 de maio de 2022.

**DIRECCIÓN.**



## FONDO SOLIDARIO LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR CURSO 2022-2023

### ALUMNADO 3º a 6º DE PRIMARIA e 1º a 4º DE ESO

- **Lexislación aplicable.**- Orde do 29 de abril de 2022 (DOG do 218 de maio).
- **Beneficiarios.**- Poderán presentar a solicitude o pai, nai ou representante legal do alumnado matriculado ou que se vaia matricular no curso escolar 2022/2023 en 3º, 4º, 5º e 6º de Primaria e 1º, 2º, 3º e 4º de ESO.
- **Devolución dos libros.**- O alumnado ten a obriga de conservar en bo estado os libros de texto recibidos do fondo solidario, así como incorporalos, ao rematar o curso escolar 2022/2023 ao fondo solidario constituído no centro.
- **Asignación dos libros.**- Asignarase o uso dos libros de texto dispoñibles do fondo solidario por orde inversa á renda per cápita da unidade familiar. Para os efectos do cálculo da renda familiar sumaranse os recadros 435 (base imponible xeral) e 460 (bases imponible do aforro) da declaración da **renda do ano 2020** e dividirase polo número de membros computables. No caso de non presentar declaración teranse en conta os ingresos netos de todos os membros computables da unidade familiar durante o ano 2019. Computarán por dous os membros da unidade familiar que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33% ou a percepción dunha pensión da SS. por incapacidade total, absoluta ou grande invalidez.

- **Entrega dos libros aos beneficiarios.**- O centro entregará os libros ao inicio do curso tanto en Primaria como en ESO.

Prazo de presentación solicitudes	Forma de presentación solicitudes
<ul style="list-style-type: none"><li>● <b>Do 19 de maio ao 22 de xuño (este incluído).</b></li><li>● Alumnos que repitan 4º de ESO, cando non tivesen presentado solicitude de axuda para adquirir libros e material escolar no prazo indicado, tamén poderá presentala no prazo dun mes desde a formalización da matrícula.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>● <b>Nas oficinas do Centro: de 10:00 ás 13 horas.</b></li><li>● <b>Na aplicación Fondolibros.</b></li><li>● <b>Na Sede Electrónica da Xunta de Galicia.</b></li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>● A presente orde integra as diversas modalidades de gratuidade solidaria dos libros de texto: participación no fondo solidario (alumnado de 3º a 6º de primaria e 1º a 4º de ESO), axudas para adquirir libros de texto (alumnado de 1º e 2º de primaria) e axudas para adquirir material escolar (alumnado de primaria e ESO).</li><li>● <b>A solicitude será única para todos os fillos (ou tutelados) que estean admitidos no mesmo centro docente para o curso 2022-23 e nela especificarase o nivel de estudos que espera realizar cada un deles no dito curso.</b></li><li>● Con motivo de facilitar a tramitación das axudas, rógase presten a maior atención na cumprimentación das mesmas. <b>As solicitudes entregaranse debidamente cubertas e asinadas xunto coa totalidade da documentación que corresponda.</b></li></ul>	

#### Documentación a presentar

**Impreso de solicitude (Anexo I-II)** debidamente cuberto e firmado polo pai, nai ou titor legal. Xúntase este anexo. Dispoñen deste impreso (e máis información) en [www.colexiojaimebalmes.com](http://www.colexiojaimebalmes.com). **Un único impreso é válido para solicitar as dúas axudas (libros de texto e material escolar).**

**Copia do libro de familia** no que figuren todos os membros da unidade familiar. Só no caso de non ter libro de familia ou se a situación familiar, a **31 de decembro de 2020**, non coincide coa reflectida no libro, terá que presentarse documento ou documentos acreditativos do número de membros da unidade familiar (sentenza de separación ou divorcio, certificado de convivencia, certificado de defunción,...)

Axudas libros alumnado Primaria e ESO	Axudas material escolar Primaria e ESO
Renda per cápita familiar ata 6.000 €: <b>6 libros.</b>	Renda per cápita familiar ata 6.000 €: <b>50 €</b>
Renda per cápita familiar desde 6.000 ata 10.000 €: <b>4 libros.</b>	

- **Librería Colexio.**- Aos alumnos que non accedan ás axudas, a librería do Colexio facilítalle os libros igualmente e, co obxectivo de facer máis accesible o pago ás familias, **facturará 50% en novembro e 50% en decembro.** Aos beneficiarios das axudas, se o importe do vale é inferior ao dos libros, a diferenza factúrase de igual forma.

- **Vales.**- O Centro entregará aos solicitantes un vale co que poderán adquirir o material escolar, sempre que conste que devolveu os libros do curso pasado.

Atentamente.

Noia, a 19 de maio de 2022.

**DIRECCIÓN**